



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES Espiñeira

Espiñeira s/n 15930 Boiro
☎ 981-847677 ☎ Fax-848548
ies.espiñeira@edu.xunta.es
www.espiñeira.es

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Aprobado o 8 de abril de 2016



ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN

2. OBXECTIVOS

3. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

3.1. Medidas ordinarias.

3.1.1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

3.1.2. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

3.1.3. A acción tutorial e a orientación.

3.1.4. Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

3.1.5. Desdobramentos de grupos.

3.1.6. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

3.1.7. Programa de enriquecemento curricular.

3.1.8. Programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

3.1.9. Programas específicos personalizados.

3.1.10. Programa de habilidades sociais.

3.2. Medidas extraordinarias.

3.2.1. Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento.

3.2.2. Formación Profesional Básica.

3.2.3. Agrupamentos flexibles.

3.2.4. Grupos de adquisición de linguas.

3.2.5. Adaptación curricular individual (ACI).

3.2.6. Apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

3.2.7. Flexibilización da duración do período de escolarización.

3.2.8. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

3.2.9. Grupos de adaptación da competencia curricular.

3.2.10. Exención da segunda lingua extranxeira.

4. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

4.1. Criterios agrupamentos flexibles.

4.2. Criterios apoio profesor/a de pedagogía terapéutica .

4.3. Criterios programa de diversificación curricular de dous anos.

4.4. Criterios alumnos programas de cualificación profesional inicial.

4.5. Alumnado inmigrante.

4.5.1. Alumnado inmigrante que coñece as linguas.

4.5.2. Alumnado inmigrante que non coñece as linguas.

5. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.

5.1. Actuacións de colaboración e coordinación internas

5.2. Colaboración e coordinación con outras etapas educativas e cos centros adscritos.

6. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS Ó CENTRO

7. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

7.1. Programas de Mellora da Aprendizaxe e do Rendemento.

7.1.1. Protocolo de actuación.

7.1.2. Documentación necesaria.

7.2. Agrupamentos flexibles.

7.2.1. Protocolo de actuación.



7.2.2. Documentación necesaria.

7.3. Grupos de adquisición das linguas.

7.3.1. Protocolo de actuación.

7.3.2. Documentación necesaria.

7.4. Adaptación curricular individual.

7.4.1. Protocolo de actuación.

7.4.2. Documentación necesaria.

7.5. Apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

7.5.1. Protocolo de actuación.

7.5.2. Documentación necesaria.

7.6. Flexibilización da duración do período de escolarización.

7.6.1. Protocolo de actuación.

7.6.2. Documentación necesaria.

7.7. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

7.7.1. Protocolo de actuación.

7.7.2. Documentación necesaria.

7.8. Grupos de adaptación da competencia curricular.

7.8.1. Protocolo de actuación.

7.8.2. Documentación necesaria.

7.9. Exención da segunda lingua estranxeira.

7.9.1. Protocolo de actuación.

7.9.2. Documentación necesaria.

7.10. Formación Profesional Básica.

7.10.1. Protocolo de actuación.

7.10.2. Documentación necesaria.

8. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MEMORIA.

8.1. Temporalización.

8.2. Instrumentos.

8.3. Criterios de avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

9.- APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

ANEXOS



1. INTRODUCCIÓN

A atención á diversidade é un dos grandes retos para o sistema educativo, e en concreto para os centros escolares, require do axuste da intervención educativa ás necesidades reais do alumnado para asegurar unha acción educativa de calidade, o que esixe aos centros e ao profesorado, unha importante tarefa de reflexión e de traballo, xa que a atención á diversidade é tarefa de todos.

Entendemos por diversidade as diferenzas que presenta o alumnado ante as aprendizaxes escolares, diferenzas en canto a: *aptitudes, intereses, motivacións, capacidades, ritmos de maduración, estilos de aprendizaxe, experiencias e coñecementos previos, entornos sociais e culturais...* Estes aspectos conforman tipoloxías e perfís no alumnado que deben determinar, en gran medida, a planificación e acción educativa.

Dentro desta diversidade xeral, pode que algún alumnado precise dunha atención diferente á ordinaria:

- Por presentar NEE (alumnado que requira por un período da súa escolarización ou ao longo dela, determinados apoios e atencións educativas específicas derivadas de discapacidade ou trastornos graves de conduta.
- Por presentar dificultades de aprendizaxe.
- Polas súas altas capacidades intelectuais.
- Por terse incorporado tardiamente ao sistema educativo.
- Por condicións persoais e de historia escolar

Para todos eles, unha vez identificadas as necesidades específicas, será preciso ir adaptando as respostas educativas dende as programacións xerais e as programacións da aula, ata aquelas outras propostas que modifiquen máis ou menos significativamente a proposta curricular, podendo chegar a requirir propostas organizativas diferenciadas e recursos persoais de apoio máis ou menos especializados, sempre dende os principios de normalización e inclusión. É por iso, que priorizaremos as medidas ordinarias e soamente despois consideraranse as medidas extraordinarias, cando se valore e xustifique a súa necesidade.

O PXAD (que formará parte do Proxecto Educativo) será o instrumento que guíe a planificación anual das medidas educativas de atención á diversidade do centro, no marco da Programación Xeral Anual, e coa seguinte base normativa:

- **LOE:** *no seu preámbulo* sinalase que a atención á diversidade establécese como principio fundamental que debe rexer toda a ensinanza básica, co obxectivo de proporcionar a todo o alumnado unha educación axeitada ás súas características e necesidades. *No artigo 22*, referido aos principios xerais da educación secundaria obrigatoria, indícase que esta etapa organizárase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado.
- **Decreto 133/2007** polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria, *no artigo 13, apartado 2* sinalase que no caso de detectarse dificultades de aprendizaxe, os centros deberán poñer en funcionamento as medidas de atención á diversidade que se consideren máis convenientes ás características do seu alumnado e que poden ser tanto organizativas como curriculares.
- **Decreto 229/2011** régúlase a atención á diversidade do alumnado coa finalidade de facilitar o desenvolvemento persoal e social de cada alumno e alumna e o seu potencial de aprendizaxe, facilitándolle a adquisición das competencias e a consecución dos obxectivos xerais previstos na etapa da educación secundaria obrigatoria.



2. OBXECTIVOS

- Aceptar e valorar as diferenzas do alumnado como un feito de enriquecemento da comunidade educativa.
- Asegurar que todo o alumnado, sen distinción, acade o grao máximo das súas capacidades, do seu desenvolvemento persoal, social e emocional, así como das competencias básicas e dos obxectivos educativos establecidos en xeral para a etapa da ESO.
- Diseñar, planificar e desenvolver medidas eficaces de tipo organizativo e curricular, que dean resposta ás características e necesidades do alumnado.
- Potenciar a coordinación das liñas de actuación do profesorado que interveña no proceso educativo de cada alumno/a .
- Fomentar a titoría e a orientación como instrumentos para a prevención, detección e atención do alumnado con necesidade específica de apoio educativo.
- Promover a creación e difusión entre o profesorado de materiais, bibliografía ou estratexias educativas.
- Establecer os mecanismos oportunos para garantir unha adecuada coordinación entre os diferentes profesionais implicados na atención á diversidade: titores/as, profesorado, familias e servizos externos ao centro.
- Valorar a importancia da convivencia e crear un ambiente de traballo no que o apoio mutuo axude a mellorar o desenvolvemento persoal, social e cognitivo do alumnado.
- Crear un clima de cooperación entre o centro e as familias, para favorecer o desenvolvemento do alumnado.
- Asesorar as familias sobre pautas educativas e recursos sociais, sanitarios, etc



3. DESCRIPCIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

As medidas de atención á diversidade organízanse da seguinte maneira.

3.1. Medidas ordinarias.

Son todas aquelas que facilitan a adecuación do currículo prescricional, sen alteración significativa dos seus obxectivos, contidos e criterios de avaliación, ao contexto sociocultural do centro.

A finalidade destas medidas é dar resposta ás diferenzas en competencia curricular, motivación, intereses, relación social, estratexias, estilos e ritmos de aprendizaxes para facilitar a consecución dos obxectivos e competencias establecidas nas distintas etapas.

3.1.1. Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.

1. Os agrupamentos, a confección de grupos e horarios estableceranse de acordo cos principios: normalización e inclusión, equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación, flexibilidade, interculturalidade e promoción da convivencia.
2. No último claustro do curso serán aprobados os criterios pedagóxicos para a elaboración de horarios do curso seguinte, así como a comunicación do número de grupos de cada materia.
3. No que respecta aos espazos, priorizaranse as seguintes actuacións:
 - Crear ambientes acolledores, estimulantes, cómodos e personalizados.
 - Facilitar a organización flexible da aula.
 - Facilitar o acceso do alumnado aos departamentos didácticos, ao departamento de orientación, á biblioteca do centro, ao ximnasio, etc.

3.1.2. Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.

No mes de setembro os xefes dos departamentos concretarán nas correspondentes programacións didácticas os elementos establecidos segundo a normativa vixente.

Así mesmo, cada profesor/a, unha vez feita unha avaliación inicial do grupo, adaptará a programación didáctica do seu departamento a cada grupo de alumnado en particular, podendo modificar os seguintes aspectos:

A. Obxectivos e contidos:

- Adecuar os obxectivos ás peculiaridades do alumnado do grupo.
- Precisar cales son os obxectivos e contidos mínimos de cada unidade didáctica.
- Seleccionar e priorizar aqueles contidos que sexan funcionais para o alumnado e que lle permitan aprender por si mesmo.
- Establecer secuencia de contidos que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.

B. Metodoloxía:

Lograr unha estrutura de traballo que facilite ao máximo a construción de aprendizaxe por parte do alumnado é o obxectivo último. Para conseguir este propósito, o profesorado poderá establecer diferentes tipos de agrupamentos dentro da aula para atender a diversidade:

1. Traballo en pequeno grupo para favorecer a relación entre o alumnado e a cooperación na abordaxe das tarefas.
2. Titorización nalgunhas actividades por un compañeiro/a da aula (aprendizaxe entre iguais).
3. Traballo individual co alumnado cando se entenda que é necesario para facilitar a continuación do proceso de aprendizaxe.

C. Actividades:

1. Diversidade de actividades.
2. Actividades secuenciadas segundo a súa dificultade.
3. Existencia de actividades de libre elección.
4. De reforzo (para todo o grupo como repaso ou para alumnado con dificultades de aprendizaxe).
5. De ampliación (para alumnado avantaxado).

D. Avaliación:

1. Poñer a avaliación ao servizo do proceso de aprendizaxe.
2. Fomentar a autoavaliación.



3. Realizar unha avaliación inicial ao comezo do proceso de ensino-aprendizaxe.
4. Seleccionar técnicas e instrumentos de avaliación múltiples e variados na súa tipoloxía.
5. Diversidade nos elementos de cualificación: nota das probas, dos exames de trimestre, traballos de aula, actitude, comportamento, asistencia...
6. Contextualizar os criterios de avaliación seguindo criterios de adecuación coherentes cos empregados ao contextualizar os obxectivos.

3.1.3. A acción titorial e a orientación.

A. Definición: O desenvolvemento da acción titorial constitúe unha das ferramentas de atención á diversidade máis eficaces, moi acaída para coñecer cada alumno/a, identificar as dificultades que poidan existir no seu proceso de aprendizaxe, considerar o tipo de atención que o centro pode dispoñer para a súa atención.

B. Destinatarios: Todo o alumnado.

C. Profesorado: Todo o equipo de profesores, coordinado polo titor/a do grupo e co apoio do departamento de orientación.

D. Temporalización: Durante todo o curso escolar, a través dos obxectivos e programas recollidos no plan de acción titorial.

3.1.4. Aulas de atención educativa e convivencia e medidas e actuacións destinadas á mellora da convivencia.

A. Definición: Medida de atención á diversidade que favorece a mellora da convivencia no centro educativo.

B. Destinatarios: Alumnado que teña unha conduta disruptiva e que estea impedindo o normal desenvolvemento do traballo do seu grupo-clase. Derivarase a dita aula con actividades e tarefas para realizar durante a súa permanencia nela. Correspóndelle ao profesorado que remita o alumnado a esta aula establecer ditas tarefas, corrixilas e avalialas.

C. Profesorado: Para atender esta aula, a xefatura de estudos establecerá gardas específicas nas que considerará a todo o profesorado do centro.

D. Temporalización: Durante todo o curso escolar.

3.1.5. Desdobramentos de grupos.

A. Definición: É unha medida organizativa de atención á diversidade que permite desdobrar un grupo numeroso para prestar unha atención individualizada ao alumnado.

B. Destinatarios: Grupos onde o número total de alumnos supere os 20, e se considere que os resultados de anos anteriores indican unha dificultade da área para o alumnado. Priorizaranse, de ser necesario, nas materias de linguas e matemáticas e os primeiros cursos da ESO.

C. Temporalización: Durante todo o curso escolar.

3.1.6. Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.

A. Definición: Medida de atención á diversidade que atende as dificultades do alumnado xurdidas nun momento do proceso educativo, e que a través de modificacións nos elementos non prescritivos do currículo, o alumnado pode seguir o proceso ordinario de ensino-aprendizaxe.

B. Destinatarios:

- O alumnado que repita curso deberá seguir medidas de reforzo educativo.
- Alumno/a con dificultades para seguir o proceso ordinario do grupo-clase.

C. Profesorado: O propio profesorado da materia ou profesorado con dispoñibilidade horaria para ofrecer ese reforzo dentro ou fóra da aula.

D. Temporalización: Dependerá das necesidades de apoio que requira o alumnado que sexa obxecto desta medida.

3.1.7. Programa de enriquecemento curricular.

A. Definición: Consiste en realizar axustes individualizados co alumnado que supera o ritmo e os contidos do programa de clase, propoñendo actividades máis complexas, modificando outros elementos do proceso como: a metodoloxía, os procedementos de avaliación ou a temporalización.

B. Destinatarios: Alumnado que ten un nivel de competencia curricular superior ao seu grupo de referencia.

C. Profesorado: Aplicarase dentro da aula polo profesor/a de cada materia.



D. Temporalización: Dependerá das necesidades de apoio que requira o alumnado que sexa obxecto desta medida.

3.1.8. Programa de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

A. Definición: Medida organizativa de atención á diversidade cuxa finalidade é a atención personalizada para lograr o grao de dominio suficiente nas técnicas instrumentais de base.

B. Destinatarios: Dirixida ao alumnado de 1º e 2º ESO que estea nas seguintes condicións:

- Alumnos/as con Adaptación Curricular Significativa.
- Alumnado que chegue á ESO por promoción automática (que xa repetira na E.P. e que promocióne con moitas áreas suspensas de primaria).
- Alumnado que obteña uns resultados moi baixos nas probas de avaliación inicial de comezos de curso, completando dita información cos informes dos centros adscritos.
- Alumnado que estea repetindo 1º ESO e se considere que esta medida pode atender as súas necesidades.
- Alumnado que promociona a 2º ESO sen ter superado todas ou algunha das materias instrumentais, e se considere que é a mellor opción para dar resposta ás súas necesidades.
- Alumnado que estea repetindo 2º ESO e sexa a mellor resposta ás súas necesidades.

C. Profesorado: Correspóndelle preferentemente ao profesorado dos departamentos de linguas (Lingua Castelá, Lingua Galega, Inglés, Francés, outra lingua estranxeira, Latín e Grego) e a impartición da área de Matemáticas, preferentemente, ao profesorado dos departamentos de Matemáticas, Física e Química, Bioloxía e Xeoloxía e Tecnoloxía.

D. Temporalización: Durante todo o curso escolar.

3.1.9. Programas específicos personalizados.

A. Definición: consiste na elaboración de programas personalizados que inclúen actividades de aprendizaxe para que o alumnado as realice semanalmente.

B. Destinatarios: Alumnado repetidor de 1º, 2º, 3º e 4º ESO. Cando un alumno/a de 1º ou 2º ESO asista a un programa de reforzo ou de recuperación doutras materias, quedará eximido da realización deste programa.

C. Profesorado: Este programa será elaborado polo departamento da materia correspondente. É o/a profesor/a que imparte a materia o responsable do seguimento de cada alumno/a na realización das tarefas propostas polo departamento didáctico e tamén, o responsable de comunicarllo ao profesor titor/a para facerllo chegar ás familias.

D. Temporalización: Durante todo o curso escolar.

3.1.10. Programa de habilidades sociais.

A. Definición: Consiste en facilitar ao alumnado un repertorio amplo de habilidades instrumentais, cognitivas e de control emocional que poidan usar para mellorar a calidade das súas relacións sociais e, máis concretamente, para resolver ou prever problemas ou dificultades nas súas relacións cos demais.

B. Destinatarios: Todo o alumnado da ESO.

C. Profesorado: Os titores/as da ESO, na hora de titoría. Programa que deberá recoller o Plan de Acción Titorial.

D. Temporalización: Durante un trimestre do curso escolar.



3.2. Medidas extraordinarias.

Son aquelas dirixidas a dar resposta ás necesidades educativas do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que requiren modificacións significativas do currículo.

Hai que ter en conta dous aspectos para a aplicación destas medidas:

1. Aplicaranse unha vez esgotadas as medidas ordinarias ou por resultaren estas insuficientes.
2. É necesario a autorización: dirección do centro, do servizo de inspección educativa, da xefatura territorial ou da dirección xeral que proceda e, se é o caso, informe xustificativo do departamento de orientación.

3.2.1. Programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR)

A. Obxectivo: Facilitar que os alumnos e alumnas, mediante unha metodoloxía específica e unha organización de contidos e materias do currículo diferente á establecida con carácter xeral, alcancen as competencias do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria, poidan cursar o cuarto curso pola vía ordinaria e obtenían o título de GES.

B. Alumnado: Alumnado que presente dificultades relevantes de aprendizaxe (non imputable a falta de estudo ou esforzo) e se atope en algunha destas situacións:

Para acceder a segundo (programa de dous cursos: 2º e 3º):

- Ter cursado o primeiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria e non estar en condicións de promocionar ó segundo curso e que xa repetiran algunha vez en calquera das etapas

Para acceder a terceiro (programa de un curso:3º):

- Ter cursado o segundo curso de educación obrigatoria, ter repetido algunha vez en calquera das etapas e non estar en condicións de ter promoción a terceiro.
- Con carácter excepcional, para o alumnado que ten cursado o terceiro curso de educación secundaria obrigatoria e non está en condicións de promocionar a 4º.

Número de alumnos/as: O número mínimo será de 5 e o máximo de 10.

Estrutura do programa (3º):

O currículo destes programa incluírá os seguintes ámbitos:

- Lingüístico y social (Lingua Galega e Literatura, Lingua Castelá e Literatura e Xeografía e Historia): nove horas
- Científico e matemático (Matemáticas orientadas ás ensinanzas aplicadas, Bioloxía e Xeoloxía e Física e Química): oito horas.
- Linguas Estranxeiras (1ª Lingua Estranxeira): tres horas.

Tamén cursarán co grupo de referencia as materias de terceiro que non pertencen aos ámbitos.

C. Profesorado: cada ámbito específico será impartido por un único profesor ou profesora pertencente a un dos departamentos didácticos que teñan atribuída algunha das materias que forman o ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

D. Normativa:

- Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Artigo 27. (BOE: 10/12/13).
- Resolución do 27 de xullo de 2015, pola que se ditan instrucións para o curso 2015/16 para a implantación do currículo da ESO e do Bacharelato (DOG: 29/07/15).

3.2.2. Formación profesional básica.

A. Obxectivos: Contribuir a que o alumnado adquira ou complete as competencias da aprendizaxe permanente para facilitar a súa transición cara a vida activa ou favorecer a súa continuidade no sistema educativo. Deben favorecer ademais a consecución dos obxectivos establecidos con carácter xeral para as ensinanzas de formación profesional. A oferta obrigada destes ciclos formativos de FPB está destinada a alumnado escolarizado que cumpra os requisitos de acceso e, cuxo grao de adquisición das competencias non sexa o adecuado para conseguir o título de GES e, maila iso, sexa o adecuado para que poida alcanzar o título de FPB.

B. Alumnado:

Para o acceso á oferta obrigada é necesario que o alumnado cumpra simultaneamente os seguintes requisitos:

- Facer 15 ou 16 anos no ano de inicio do ciclo formativo.
- Ter cursado o terceiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria ou, excepcionalmente, ter cursado o segundo curso.



- Ser proposto/a polo equipo docente ao pai, á nai ou á persoa que teña a titoría legal, para a incorporación a un ciclo de FPB.
- Contar co consentimento do pai, da nai ou dos/as titores/as legais para cursar estas ensinanzas.

Duración: 2000 horas, equivalente a dous cursos académicos a tempo completo.

Formación:

- Módulos asociados a Unidades de Competencia do Catálogo Nacional de Cualificacións profesionais.
- Módulos para a adquisición de competencias de aprendizaxe:
 - Comunicación e Sociedade I e Comunicación e Sociedade II (Lingua galega, Lingua Castelá, Lingua estranxeira e Ciencias Sociais).
 - Módulo de Ciencias aplicadas I e Ciencias Aplicadas II (Matemáticas e Ciencias aplicadas a un campo profesional).
 - Módulo de Formación en Centros de Traballo.

C. Profesorado: cada módulo será impartido por un único profesor ou profesora pertencente a un dos departamentos didácticos que teñan atribuída algunha das materias que forman o ámbito, preferentemente con destino definitivo no centro.

D. Normativa:

- Lei Orgánica 8/2013 do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa. Artigo 41.1. (BOE: 10-12-13)
- RD 127/2014, do 28 de febreiro, polo que se regulan aspectos específicos da FP Básica
- Decreto 107/2014, do 4 de setembro, polo que se regulan aspectos específicos da FP Básica
- Orde de 5 de agosto de 2014 polo que se regulan aspectos específicos para a implantación das ensinanzas da FP Básica.
- Orde do 14 de agosto do 2014 polo que se regula o acceso e admisión ós ciclos de FP Básica
- Orde do 13 de xullo de 2015 pola que se regulan as ensinanzas de FPB na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG: 22-07-15)

3.2.3. Agrupamentos flexibles.

A. Alumnado: Dirixido a alumnado que presente dificultades xeneralizadas de aprendizaxe, principalmente nas áreas curriculares de carácter instrumental como é o caso de Lingua e Matemáticas, que reclaman unha atención máis individualizada e que dificilmente pode seguir o ritmo de aprendizaxe da aula ordinaria con simples medidas de reforzo educativo.

Esta medida está dirixida preferentemente ao alumnado que cursa 1º e 2º da ESO. Para o alumnado que cursa 3º e 4º e que presente as dificultades sinaladas poderase aplicar esta medida cando se considere máis apropiada que a incorporación a un PDC ou a un PCPI. O número máximo de alumnos será de 15.

B. Profesorado: Deberá ter experiencia docente e, preferentemente, destino definitivo no centro. Cando a organización do centro o permita, os profesores do agrupamento específico impartiran docencia no grupo de referencia.

Na medida que os recursos do centro o permitan, este profesorado terá unha dedicación horaria semanal considerada como lectiva para a elaboración da programación adaptada e a coordinación co equipo de profesores.

Os agrupamentos específicos poderán facerse nas seguintes áreas: Lingua Castelá ou Lingua Galega, Matemáticas, Ciencias Naturais e Ciencias Sociais. A proposta de áreas obxecto de agrupamento específico será realizada pola comisión de coordinación pedagóxica, serán prioritarias as áreas de Lingua e Matemáticas.

D. Normativa:

- Circular 9/1999 da Dirección de Ordenación Educativa e Formación Profesional

3.2.4. Grupos de adquisición de linguas.

A. Obxectivo: A súa finalidade será proporcionar, sen prexuízo das actividades de apoio que se desenvolvan dentro das aulas ordinarias, unha formación inicial específica nas linguas vehiculares, a través dunha atención individualizada, de xeito que se posibilite a plena incorporación do alumnado nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado, así como a súa familiarización coa vida do centro.

B. Alumnado: Alumnado de escolarización obrigatoria que proceda do estranxeiro e que descoñeza completamente amba as linguas oficiais de Galicia. Este alumnado poderá formar parte destes grupos un máximo dun trimestre que poderá ser ampliado con autorización da inspección educativa.



C. Profesorado: O profesorado encargado na educación secundaria obrigatoria dos grupos de adquisición das linguas pertencerá preferentemente ás especialidades de Ámbito Lingüístico.

D. Normativa:

- Orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG do 26 de febreiro de 2004)

3.2.5. Adaptación curricular individual (ACI).

A. Obxectivo: É unha medida extraordinaria de carácter curricular dirixida ao alumnado considerado con necesidades específicas de apoio educativo que precisen de modificacións substanciais do currículo de referencia unha vez esgotadas outras medidas ordinarias de atención educativa. Serán elementos do currículo susceptibles de modificación os obxectivos, que poderán ser reaxustados, reducidos, suprimidos, complementados ou ampliados, se é o caso; os contidos, que tamén poderán ser modificados, complementados e mesmo suprimidos; e os criterios de avaliación, que poderán ser adaptados, complementados, modificados e mesmo suprimidos.

B. Alumnado: Alumnado de calquera nivel da secundaria obrigatoria que, logo da correspondente avaliación psicopedagóxica, se considere que ten necesidades específicas de apoio educativo, ben por necesidades educativas especiais, altas capacidades intelectuais, dificultades específicas de aprendizaxe, incorporación tardía ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables.

C. Normativa:

- Orde do 6 de outubro de 1995 (DOG do 7 de novembro de 1995).
- Disposición Adicional Quinta da Orde do 30 de setembro de 2004.
- Artigo 5º da Orde do 21 de decembro de 2007 (DOG do 7 de xaneiro de 2008).

3.2.6. Apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

A. Definición: A profesora de Pedagogía Terapéutica ten, á parte das funcións que lle competen como membro do departamento de orientación, a de participar na avaliación inicial e naquelas avaliacións que afecten a alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, e de colaborar na elaboración, seguimento e avaliación das adaptacións curriculares individuais, a atención docente directa ao alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. A esta última función refírese este apartado.

As intervencións específicas que sexan precisas por parte da profesora de Pedagogía Terapéutica serán propostas e deseñadas polo Departamento de Orientación, en colaboración co profesorado da materia obxecto de apoio e do titor ou titora do grupo ao que pertence o alumno/a. A coordinación desas actuacións corresponde á Xefatura de Estudos do centro, e a súa autorización á Dirección do centro.

B. Alumnado: Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo que sexa obxecto dalgunha medida extraordinaria de atención. O apoio, en xeral, prestarase no grupo no que está integrado o alumno/a. A cualificación do alumnado será responsabilidade do profesorado da área.

C. Normativa:

- Artigo 7º da Orde do 24 de xullo de 1998 (DOG do 31 de xullo de 1998).
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro de 2011 (DOG do 21 de decembro de 2011).

3.2.7. Flexibilización da duración do período de escolarización.

A. Definición: Consiste en aumentar ou reducir, excepcionalmente, o tempo de permanencia na etapa respecto do establecido con carácter xeral, en función das necesidades educativas especiais ou das altas capacidades do alumnado, respectivamente.

No caso do alumnado con necesidades educativas especiais, o aumento da permanencia na etapa, se cursa a educación secundaria obrigatoria, farase fragmentando os cursos de 3º e 4º da etapa. No bacharelato farase fragmentando os seus cursos por materias e na formación profesional específica por módulos.

No caso do alumnado con necesidade específica de apoio educativo por altas capacidades intelectuais a flexibilización da etapa consistirá na redución do tempo de permanencia na mesma. Só será aplicable no ensino básico e a redución será dun máximo de dous anos. Esta redución máxima non se poderá aplicar na mesma etapa educativa.

B. Alumnado: Alumnado con necesidades educativas especiais ou de altas capacidades que xa esgotaran outras medidas previas de adaptación curricular ou organizativas.

C. Normativa:

- Orde do 27 de decembro de 2002.(DOG, 30/01/03).
- Orde do 28 de outubro de 1996. (DOG, 28/11/1996).



- Orde do 12 de xullo de 2011. (DOG do 15/7/2011).

3.2.8. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

A. Definición: Medida que ten como finalidade a continuidade do proceso formativo do alumnado que curse ensinanzas de réxime xeral en modalidade presencial e que, por prescrición facultativa, debido a enfermidade ou lesión, non poida asistir con regularidade ao centro.

Cando un alumno/a sexa obxecto de atención educativa hospitalaria ou domiciliaria, o seu centro de referencia establecerá, a partir do correspondente proxecto curricular de etapa, un programa individualizado no que se terán en conta as necesidades educativas especiais asociadas á súa situación.

A elaboración e seguimento dese programa levaraa a cabo o titor/a en colaboración co correspondente servizo de atención educativa hospitalaria e domiciliaria e co asesoramento do correspondente departamento de orientación. Así mesmo, cando as condicións do alumno/a así o requiran, o equipo de orientación específico proporcionará o apoio necesario para levar a cabo esas tarefas.

B. Alumnado: Destinatarios de atención educativa hospitalaria: Alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día. Destinatario de atención educativa domiciliaria: Alumnado que deba permanecer convalecente no seu domicilio por un período de tempo superior a un mes ou o alumnado que padeza enfermidade crónica que sexa causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

C. Normativa:

- Orde do 27 de decembro de 2002. (DOG, 30/1/2003).
- Decreto 229/2011 do 7 de decembro de 2011 (DOG do 21 de decembro de 2011)

3.2.9. Grupos de adaptación da competencia curricular.

A. Definición: Os grupos de adaptación da competencia curricular son agrupamentos flexibles que terán por finalidade, a través dunha atención individualizada, o progreso na competencia curricular, de xeito que se lle posibilite ao alumnado a plena incorporación nas actividades de aprendizaxe pertencentes ao curso no que se atope escolarizado.

A permanencia nestes grupos levarase a cabo nunha fracción da xornada escolar, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental, podéndose estender ao longo de todo o ano escolar. Non obstante, o alumnado deberase incorporar plenamente ao seu grupo ordinario no momento no que a xunta de avaliación considere superadas as súas necesidades educativas debidas ao desfasamento curricular. O horario semanal máximo de permanencia nestes grupos será de 10 períodos.

B. Alumnado: Alumnado procedente do estranxeiro con desfasamento curricular de dous ou máis cursos, escolarizado na educación secundaria obrigatoria. O alumnado que forme parte dun grupo de adaptación da competencia curricular deberá pertencer á mesma etapa educativa, sen necesidade de que pertenza ao mesmo curso.

C. Profesorado: O profesorado encargado dos grupos de adaptación da competencia curricular pertencerá preferentemente a algunha das especialidades que correspondan ás materias obxecto de reforzo desa competencia. Asistirá ás sesións de avaliación do seu alumnado. Porén, a emisión das cualificacións corresponderá ao profesorado do grupo ordinario, tendo en conta a información que proporcione o profesorado anteriormente citado.

D. Normativa:

- Orde do 20 de febreiro de 2004 (DOG do 26 de febreiro de 2004)

3.2.10. Exención da segunda lingua estranxeira.

A. Obxectivo: É unha medida extraordinaria dirixida a aquel alumnado con claras e continuadas dificultades de aprendizaxe, sobre todo nas áreas de Lingua. Non é, polo tanto, unha medida dirixida ao alumnado con dificultades específicas na 2ª lingua estranxeira. Débese considerar que é unha medida extraordinaria que priva o alumno de cursar unha área común nestes cursos.

B. Alumnado: Alumnado dos cursos primeiro e segundo de ESO que presente claras dificultades continuadas no proceso de aprendizaxe, en particular na área de Lingua.

C. Profesorado: Preferentemente profesorado das áreas de Lingua.

D. Normativa:

- Orde do 6 de setembro de 2007 (DOG do 12 de setembro de 2007)



4. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA A ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS.

4.1. Criterios agrupamentos flexibles.

1. Á hora de establecer o alumnado que irá ao agrupamento son fundamentais, por un lado a avaliación inicial, e por outro a información sistematizada sobre as carencias do alumnado tanto conceptuais como de estratexia de traballo. Con este fin elaborárase unha ficha para cada alumno/a susceptible desta medida, onde nunha columna aparezan as dificultades que presenta e na outra as medidas para palialas. A posibilidade de proporcionar esas medidas no agrupamento será o primeiro criterio.
2. Primaranse os agrupamentos en Matemáticas e nas linguas, especialmente nas vehiculares.
3. O agrupamento non debe supoñer un número de alumnado maior dun terzo do total do grupo ordinario.
4. Os problemas disciplinarios non poden ser un criterio per se para incluír un alumno/a nun agrupamento.
5. Na inclusión dun alumno/a no agrupamento, ademais das necesidades de carácter curricular, valorárase o seu papel no funcionamento do grupo, que en todo caso non debe supoñer obstáculo.
6. Para formar parte do agrupamento será necesario manifestar algunha motivación por mellorar na área da que se trate.
7. Buscarase un equilibrio entre alumnos e alumnas.
8. As revisións do agrupamento que se fagan ao final de cada trimestre analizarán as posibles integracións e abandonos así como o funcionamento do grupo e as modificacións se foran necesarias, tentando que o grupo manteña as características coas que o creamos

4.2. Criterios apoio profesor/a de Pedagogía Terapéutica .

1. O apoio da profesora de PT, ben sexa dentro ou fóra da aula, só se fará despois da petición expresa do profesor/a de área.
2. Esta petición, conforme a normativa en vigor, deberá ser informada polo Departamento de Orientación, e aprobada polo/ director/a.
3. No caso de non dispoñer de recursos suficientes a profesora de PT apoiará preferentemente nas áreas instrumentais, Galego, Castelan e Matemáticas.
4. Apoiarase de xeito preferente nos cursos de 1º e 2º de ESO.
5. Cando o apoio se faga fóra da aula ordinaria deberá cubrir, preferentemente, a totalidade das horas da materia.
6. Os apoios fóra da aula irán dirixidos a alumnado que manifeste unha certa motivación cara as aprendizaxes escolares. Quedaría polo tanto excluído o alumnado que, de xeito sistemático, non trae material, fai chamadas continuas de atención, etc. Faríase unha excepción neste punto, con alumnado que pensemos que deixaría de manifestar estas condutas nun contexto no que as actividades se axustasen máis ás súas posibilidades, aos seus coñecementos previos.
7. O alumnado que asista a clase de apoio, aínda que vaia facelo na totalidade das horas da materia, son alumnos do grupo ordinario, polo tanto o/a profesor/a de área debe participar na elaboración dos obxectivos, na selección dos contidos e tamén debe ser consensuada entre a profesora de PT e o/a profesor/a de área a avaliación do logro ou non dos obxectivos. Este traballo farase para cada unidade didáctica.

4.3. Criterios Programa de Diversificación Curricular de dous anos.

A. Normativos.

1. Alumnos/as que despois de cursar 2º de ESO non se atopen en condicións de promocionara a 3º e que xa repetiran unha vez na etapa.
2. Alumnado que despois de cursar 3º non se atope en condicións de promocionar a 4º curso.
3. Que amosaran en cursos anteriores dificultades xeralizadas de aprendizaxe que lles impedisen acadar os obxectivos previstos para o curso.
4. Que recibisen algunha medida específica de atención que aínda dando resultados non fose suficiente.
5. Que a xuízo do profesorado do grupo e do Departamento de Orientación existan expectativas razoables de que poidan acadar o título a través desta medida extraordinaria.

B. Complementarios

1. Alumnado con catro ou máis materias suspensas en 2º ou 3º de ESO, (segundo os casos)



2. Que das asignaturas suspensas, tres ou máis pertencan ás áreas a globalizar en ámbitos: Ciencias da Natureza, Matemáticas, Ciencias Sociais, Lingua Galega, Lingua Castelá, primeira lingua estranxeira, Tecnoloxía.
3. Que amosen interese por acadar o título de Graduado en Educación Secundaria: que manifesten certa conduta de estudo e realicen as tarefas cando se lles solicite; que amosen unha motivación adecuada cando se lles presta atención individualizada.

4.4. Criterios alumnado Formación Profesional Básica

1. Ter 15 anos ou cumprilos dentro do ano natural que se fai a proposta, e non superar os 17 dentro do ano en que se inician os estudos.
2. Ter cursado 3º de ESO ou, excepcionalmente, 2º
3. Ser propostos polos respectivos equipos docentes porque valoran que está en claro risco de non acadar o título de Graduado en Educación Secundaria, e ter a conformidade da familia

4.5. Alumnado inmigrante.

Este tipo de alumnado adoitan presentar tres grandes tipos de necesidades: de adaptación, de adquisición das linguas vehiculares e de competencia curricular. Referímonos neste epígrafe só aos dous últimos, que poden aparecer xuntos ou por separado, igual que poden aparecer xunto ou desvinculadas delas as necesidades de adaptación.

O esquema que guía a proposta trascende a orde de 20 de febreiro de 2004 para incardinarse nas medidas xerais de atención á diversidade, ordinarias ou extraordinarias, beneficiándonos en todo caso dos recursos humanos que se derivarían da orde antes citada.

4.5.1. Alumnado inmigrante que coñece as linguas.

- Non ten atraso escolar: escolarización normalizada
- Ten atraso escolar: medidas de atención á diversidade.

4.5.2. Alumnado inmigrante que non coñece as linguas.

- Non ten atraso escolar: inmersión lingüística
- Ten atraso escolar: medidas de atención á diversidade e inmersión lingüística

Fariamos polo tanto un tratamento conxunto das necesidades de adquisición de linguas e das necesidades de adaptación da competencia curricular. A tarefa de determinar o nivel de competencia curricular resulta complicada por varios motivos: porque os sistemas educativos adoitan ser bastante diferentes; porque non sempre traen expedientes académicos, e cando os traen non sempre podemos entendela e/ou interpretalos; e ás dúas dificultades anteriores engádesse con frecuencia a falta de competencia lingüística en galego e español do alumno e da súa familia.

Resulta pola contra moi doado establecer a competencia en galego e castelán. Esta facilidade xunto coa dificultade de establecer a competencia curricular leva, con frecuencia, a que o alumno pase a formar parte dun grupo de adquisición de linguas, que pode ter un horario máximo, (durante un trimestre) de 24 das 32 horas lectivas, co cal o aspecto curricular pasa a un segundo plano. Creamos polo tanto unha situación intensiva de aprendizaxe do idioma, pero similar á que poderíamos utilizar se a ese alumno/a lle ensinamos o español/galego no seu país de orixe, cando está demostrado que a inmersión é unha estratexia máis efectiva.

Este modo de proceder susténtase no que poderíamos denominar unha concepción vulgar da aprendizaxe das linguas, que vén a considerar que antes de aprender algo temos que aprender a lingua na que debemos aprendelo. Este razoamento non é totalmente falso pero tampouco é tan contundente como aparenta e pode non resultar o mellor modo de estimular o desenvolvemento do alumno/a.

A proposta é que primeiro se estableza a competencia curricular do xeito máis apróximado que poidamos. Nos casos en que non é posible establecer comunicación lingüística teremos que facelo a través de datos de carácter indirecto. Neste sentido é fundamental saber como se estrutura o sistema educativo do seu país, se é de rede única ou se se compón de varias redes, (con distintos niveis de prestixio, ...). Sobre este coñecemento podemos intentar coñecer o itinerario académico do alumno/a. En ocasións poden axudarnos neste traballo alta inspección, asociacións, consulados e mesmo embaixadas. Unha vez feito o anterior, pode sernos tamén de moita axuda os expedientes, informes, ... que o alumno/a teña ou poida conseguir sobre a súa escolarización. Nos casos en que poidamos establecer comunicación lingüística o anterior complementarase con entrevistas e mesmo probas de carácter pedagóxico.



O establecemento do nivel de competencia debe servirnos, por un lado, para establecer o nivel de escolarización, que tal e como nos di a orde pode ser por idade, ou como moito dous cursos por debaixo do que lle correspondería por idade. Por outro lado, debe servirnos para establecer o tipo de apoios que o alumno/a necesita.

Unha vez determinado o nivel de escolarización é importante facer unha boa elección do grupo do que vai formar parte, cando isto sexa posible. Supoñendo que o número de alumnos e o nivel de competencia curricular é similar nos distintos grupos do mesmo nivel, incluírémolo naquel grupo no que pensemos que os compañeiros o van integrar mellor, o titor/a se vai implicar máis na tarefa e os profesores/as de área van ser máis receptivos. Na perspectiva da inmersión lingüística resultaría interesante que non estivesen na mesma clase varios alumnos/as da mesma procedencia.


A continuación debemos analizar que apoios estamos en condicións de ofrecerlle de entre os que puidese necesitar. É importante ter en conta que nas áreas de galego e castelán os nosos alumnos non están traballando coa lingua, están traballando sobre a lingua. No caso dos alumnos que non están en condicións de traballar sobre a lingua por non tela adquirida sería importante utilizar estas horas para traballar coa lingua, polo menos até que adquiran un determinado nivel de competencia.

Non cabe dúbida que unha medida ordinaria de atención á diversidade como é o traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, a tutoría entre iguais e a aprendizaxe por proxectos resultaría moi interesante na perspectiva da inmersión lingüística. Nesta mesma perspectiva resultarían interesantes os desdobres ou os agrupamentos flexibles. Pola contra son pouco desexables nesta perspectiva as medidas que supoñen atención fóra da aula, sobre todo cando son de carácter individual ou dirixidas a pequenos grupos da mesma orixe.



5. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS

Os mecanismos de coordinación e colaboración están vinculados coa estrutura organizativa e funcional do centro que garante a resposta ás necesidades do alumnado, e ten en conta as funcións que teñen os distintos servizos e profesionais que interveñen no ámbito da atención á diversidade. No gráfico 1 reflíctese esa estrutura entendida como conxunto de partes que en continua interacción facilitan un axeitado funcionamento do IES.



5.1. Actuacións de colaboración e coordinación internas

O modelo de coordinación e colaboración interna cobra vida nas seguintes actuacións:

- Reunións dos órganos de goberno.
- Reunións dos órganos colexiados.
- Reunións do Departamento de Orientación.
- Reunións dos Departamentos Didácticos.
- Reunións do equipo docente: avaliación inicial, sesións de avaliación e xuntanzas puntuais en función de necesidades concretas.
- Intercambio de información e a coordinación entre os profesionais que atenden ó alumno con NEE, dentro e fóra do centro educativo.
- Reunións e contacto fluído dos tutores co Departamento de Orientación.
- Intercambio de información coas familias e as actuacións vinculadas a esta tarefa, tamén afectan á estrutura organizativa e funcional do centro e reflíctense no seguinte epígrafe (punto 8).

5.2. Colaboración e coordinación con outras etapas educativas e cos centros adscritos.

En relación aos centros adscritos resáltase:

- Contacto continuo da dirección do IES co centro de Primaria adscrito, o cal facilita o fluxo de información sobre: admisión de alumnado, matrícula,...



Reunións periódicas coa orientadora de Educación Primaria para:

- Propoñer actuacións conxuntas a realizar (as cales se contemplarán no plan de orientación anual).
- Avaliar conxuntamente as actuacións realizadas e reflectilas na memoria anual, para que sirvan de punto de partida a novas actuacións.
- Determinar o procedemento para a exención da 2ª Lingua Estranxeira.
- Facilitar o intercambio de información sobre ACNEE.
- Colaborar na elaboración de protocolos que afecten á actuación de ambos Departamentos.
- Compartir recursos (probos psicopedagóxicos, material bibliográfico, etc.)
- Facilitar a transición do alumnado do último curso de primaria a 1º da ESO.
- Organización das Xornadas de Portas Abertas para o alumnado de 6º de primaria, coa finalidade de que coñezan o novo centro e tamén para as súas familias.
- Charlas e folletos informativos, dirixidas ao alumnado de 6º de primaria, sobre os cambios académicos que supón a introdución na ESO.
- Contacto cos centros que ofrecen unha opción formativa ou profesional ao noso alumnado unha vez rematada a ESO.



6. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES/AS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO

Garantir una axeitada atención á diversidade esixe que existan vías fluídas, tanto internas como externas, de información e comunicación en distintos ámbitos e niveis. Para dar resposta á diversidade considéranse esenciais todas aquelas actuacións organizativas que repercutan no proceso de ensino e aprendizaxe, neste sentido é importante deseñar os instrumentos e protocolos que faciliten o intercambio de información (parte de comunicación de faltas de asistencia, partes de incidencias, informe escolar, modelo de solicitude de demanda de intervención,...).

Algunhas das iniciativas que ilustran o modelo de comunicación e intercambio de información coas familias concréntanse a través das seguintes actuacións:

- Reunión inicial (outubro) para dar información sobre o comezo do novo curso: presentación do equipo directivo e do profesorado do centro, información sobre a organización e funcionamento do centro.
- Contacto das familias co profesorado: hora de atención a pais e nais.
- Os pais e nais terán información cando teña lugar algunha circunstancia salientable que afecte á educación do seu fillo e trimestralmente a través do boletín de notas.
- En momentos concretos que requiren a súa conformidade: PDC, PCPI, ACI, ...
- Coordinación entre os profesionais que atenden ao ACNEAE

En canto aos servizos externos, resáltanse os seguintes aspectos:

- As reunións axústanse aos horarios e teñen en conta as funcións dos distintos profesionais.
- Da intervención colaborativa cos Servizos Sociais da localidade destácase o contacto periódico xa que a través deles o centro conecta coas problemáticas individuais do alumnado, controla a súa asistencia, establece pautas de intervención conxuntas, etc.
- A colaboración cos Servizos Sanitarios lévase a cabo a petición das familias, para facilitar que o intercambio de información favoreza a intervención máis axeitada ás necesidades do alumno/a.
- Asesoramento e colaboración con Asociacións que traballan con alumnado con necesidades educativas: Autismo Galicia, ONCE, COGAMI, AMICOS, ...
- Colaboración do Departamento de Orientación co EOE de A Coruña.
- Colaboración nas demandas do Servizo de Asesoría de Orientación da Consellería de Educación.
- Colaboración do Departamento de Orientación co Servizo de Inspección Educativa, facilitando a información que este demanda e realizando aquelas outras tarefas asignadas ás funcións da XD.



7. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

7.1. Programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento (PMAR).

7.1.1. Protocolo de actuación.

1. Realizada a avaliación extraordinaria, o equipo docente realizará unha proposta razoada do alumnado que podería incorporarse ao programa para a mellora da aprendizaxe e do rendemento. Esa proposta concretarase nun informe individualizado, elaborado pola persoa titora, no que constará a competencia curricular do alumno ou da alumna en cada materia, as dificultades de aprendizaxe presentadas, as medidas de atención á diversidade aplicadas e os motivos polos que o equipo docente considera a conveniencia de que o alumno ou a alumna intégrease nun programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. Ese informe trasladarase á xefatura do Departamento de Orientación.
2. A persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación realizará unha avaliación psicopedagóxica a cada un dos alumnos e das alumnas propostos/as polo equipo docente para incorporar ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. No informe correspondente a esa avaliación deben constar, entre outros aspectos, as conclusións das reunións co profesorado titor e, se se trata de alumnado menor de idade, cos pais, as nais ou titores/as legais de cada alumno e alumna, para formular a conveniencia da súa incorporación a un programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento. Deixarase constancia escrita da opinión dos pais, as nais ou titores/as legais respecto da proposta formulada.
3. Posteriormente, unha comisión formada polo/a xefe/a de estudos, que exerce a súa presidencia, a persoa que exerza a xefatura do Departamento de Orientación e o/a titor/a de o alumno ou da alumna valorará os informes emitidos e a opinión, no seu caso, do pai, a nai ou os/as titores/as legais, realizando unha proposta ao/á director/a sobre a incorporación ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento.
4. Compete ao director ou á directora elevar a proposta de autorización sobre a incorporación do alumnado ao programa de mellora da aprendizaxe e do rendemento ao servizo provincial de Inspección Educativa. Á solicitude achegaráselle a relación de alumnado proposto e a relación de profesorado que vai impartir cada un dos ámbitos do programa.
5. O servizo de Inspección Educativa emitirá a autorización expresa para o desenvolvemento dos programas de mellora da aprendizaxe e do rendemento que cumpran os requisitos establecidos, e que será comunicada aos centros escolares antes do comezo do curso.

7.1.2. Documentación necesaria.

- Informe do titor/a
- Informe do departamento de orientación
- Documento de conformidade da familia e do alumno/a
- Acta da Comisión que decide a incorporación do alumnado ó PMAR



7.2. Agrupamentos flexibles.

7.2.1. Protocolo de actuación.

6. Proposta razoada do equipo de profesores do grupo ao que pertence o alumno/a expresada nun informe do titor/a.
7. Información aos pais e ao alumno por parte do titor/a.
8. Decisión de incorporación tomada pola comisión formada por xefe de estudos, xefe do Departamento de orientación e titores/as do alumnado proposto (**acta**).
9. Elaboración das programacións didácticas adaptadas por parte dos correspondentes departamentos didácticos.
10. Envío da proposta por parte da Dirección do centro á Inspección Educativa para a súa autorización. Esta proposta incluírá: selección do alumnado indicando os criterios aplicados, horario, profesorado que se vai a encargar da docencia, as áreas nas que se van constituír agrupamentos específicos, así como as correspondentes programacións didácticas adaptadas. Estas programacións partirán dos obxectivos e contidos mínimos establecidos no Proxecto Curricular do centro e, cando sexa preciso, dos obxectivos e contidos do 3º ciclo de educación primaria. Deberase primar o carácter práctico e funcional dos contidos.

7.2.2. Documentación necesaria.

- Informe do titor ou titora.
- Documento de información a pais e alumno.
- Acta da decisión de incorporación.
- Programacións didácticas adaptadas.

7.3. Grupos de adquisición das linguas.

7.3.1. Protocolo de actuación.

1. Avaliación inicial coa emisión dun informe sobre a competencia lingüística do alumno.
2. Informe psicopedagóxico (se procede),
3. Proposta de horario de permanencia no grupo (será dun máximo de 24 horas semanais e o alumno deberá permanecer co seu grupo ordinario de referencia nas materias de Educación física, Música, Educación plástica e visual, así como no período de titoría).
4. Información á familia.
5. Solicitude de autorización á Inspección por parte da dirección do centro.

7.3.2. Documentación necesaria.

- Informe de avaliación inicial
- Informe psicopedagóxico (se procede)
- Documento coa proposta de horario
- Documento de información á familia.

7.4. Adaptación curricular individual.

7.4.1. Protocolo de actuación.

1. Solicitude da correspondente avaliación psicopedagóxica por parte do equipo docente ou por algún dos seus membros e elaboración do informe coas conclusións da avaliación psicopedagóxica.
2. Reunión coordinada polo xefe de estudos á que asistirán o titor, os profesores que imparten as áreas ou materias que se consideran obxecto de adaptación curricular, os membros do Departamento de orientación que participaron na avaliación diagnóstica. Nesta reunión decidirase a pertinencia da adaptación curricular. Desta reunión levantarase acta.
3. Información á familia por parte do titor/a.
4. Elaboración das adaptacións das diferentes áreas por parte do profesor ou profesora que imparte a materia, coa colaboración do departamento didáctico e co asesoramento do Departamento de orientación. O referente das adaptacións serán os obxectivos xerais de etapa, concretados no proxecto curricular de centro para cada curso. Os obxectivos poderán pertencer, se é o caso, a outro curso ou etapa distinta da que curse o alumno obxecto de adaptación. As adaptacións revisaranse periodicamente, polo menos unha vez ao remate de cada curso. A avaliación e promoción do alumnado obxecto de adaptación tomará como referencia os obxectivos e os criterios de avaliación fixados nas adaptacións curriculares.
5. Solicitude de autorización á Inspección por parte da Dirección do centro.



7.4.2. Documentación necesaria.

- Informe psicopedagógico
- Acta da reunión da decisión
- Documento de información á familia
- Programación adaptadas das diferentes áreas

7.5. Apoio do profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.

7.5.1. Protocolo de actuación.

1. Solicitud de apoio por parte do profesorado indicando o motivo a través dun informe.
2. Información á familia a través do titor/a.
3. Proposta de apoio do Departamento de orientación.
4. Información á X. de Estudos.
5. Autorización da Dirección.

7.5.2. Documentación necesaria.

- Informe de solicitude apoio.
- Documento de información á familia.
- Proposta de apoio do Departamento de Orientación.
- Documento de proposta á Dirección do centro.

7.6. Flexibilización da duración do período de escolarización.

7.6.1. Protocolo de actuación.

1. Proposta razoada do equipo de profesores do grupo ao que pertence o alumno/a expresada nun informe do titor/a.
2. Informe da xefatura do D.O. (conclusións da avaliación psicopedagóxica).
3. Proposta da nova distribución horaria para cursar as ensinanzas e, de ser o caso, as oportunas medidas de reforzo educativo.
4. Conformidade do alumno/a, a dos seus pais ou representantes legais.
5. Fotocopia compulsada do libro de escolaridade ou de cualificacións, se procede, ou certificación académica.
6. Proposta de adaptación do currículo segundo o disposto na Orde do 6 de outubro de 1996.
7. Envío á inspección para que o remita á Dirección Xeral de Educación, á que corresponderá a autorización ou denegación da fragmentación.

7.6.2. Documentación necesaria.

- Informe do titor/a.
- Informe do Departamento de orientación.
- Proposta de distribución horaria.
- Conformidade do alumno/a e dos seus pais.
- Fotocopia compulsada da certificación académica
- Proposta de adaptación do currículo (se procede).
- Documento de envío á Inspección educativa.

7.7. Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

7.7.1. Protocolo de actuación.

1. Solicitud da medida a instancia dos seus pais ou titores legais
2. Realización do programa individualizado de atención educativa.
3. Solicitud á Xefatura territorial a través da Inspección

7.7.2. Documentación necesaria.

- Solicitud da medida a instancia dos seus pais ou titores legais.
- Informe médico que xustifique a medida.
- Programa individualizado de atención educativa.



- Solicitude á Xefatura territorial correspondente a través da Inspección educativa.

7.8. Grupos de adaptación da competencia curricular.

7.8.1. Protocolo de actuación.

1. Avaliación inicial coa emisión dun informe sobre a competencia curricular do alumno.
2. Informe psicopedagóxico (se procede).
3. Proposta de horario de permanencia no grupo (será dun máximo de 10 horas semanais, principalmente coincidindo coas materias de carácter instrumental; o alumno deberá permanecer co seu grupo ordinario de referencia no resto de materias).
4. Información á familia.
5. Solicitude de autorización á Inspección por parte da Dirección do centro.

7.8.2. Documentación necesaria.

- Informe de avaliación inicial.
- Informe psicopedagóxico (se procede).
- Documento coa proposta de horario.
- Documento de información á familia.

7.9. Exención da segunda lingua estranxeira.

7.9.1. Protocolo de actuación.

1. Proposta do equipo de profesores do curso anterior.
2. Conformidade por escrito do alumno e dos seus pais.
3. Informe da persoa titora do curso ou etapa anterior que explicitará o motivo da medida.
4. No caso de alumnado de nova incorporación ao centro: revisión da medida na xunta de avaliación inicial.
5. Autorización da Dirección do centro.

7.9.2. Documentación necesaria.

- Informe do titor do curso anterior.
- Conformidade escrita do alumno e pais.
- Informe do titor do curso actual (se procede modificar a proposta).
- Documento de proposta á Dirección do centro.

7.10. Formación Profesional Básica.

7.10.1. Protocolo de actuación.

1. Reunión de todo o equipo docente e o xefe/a do Departamento de orientación (sesión ordinaria de avaliación de xuño ou sesión extraordinaria de avaliación de setembro) para decidir qué alumnado debe ser proposto. Deben asinar todos a proposta.
2. Consello Orientador, elaborado polo titor/a coa axuda do/a Xefe/A do departamento de Orientación. Emitirase por duplicado. Será asinado polo titor/a, xefe/a do Departamento de Orientación e Dirección.
3. A dirección comunicará á familia ou titores legais a proposta e achegaralles un exemplar do Consello Orientador e o documento de consentimento (Anexo III, Orde 13 de xullo de 2015) que deberá ser asinado por calquera dos titulares da patria potestade ou representantes legais. No caso de separación deberán asinar ambos proxenitores, agás nos supostos de violencia de xénero ou nos que a patria potestade estea atribuída exclusivamente a un deles. Nestes casos será necesario presentar a resolución xudicial para que o centro educativo a cotexe.
4. Unha vez obtido o consentimento, a dirección entregará ás familias ou titores legais o documento de comunicación de incorporación á FPB (por duplicado, Anexo IV, Orde 13 de xullo de 2015).
5. Unha copia do Consello orientador e do documento de consentimento incluírase no expediente.

7.10.2. Documentación necesaria.

- Acta de avaliación
- Consello Orientador (Anexo II, Orde 13 xullo de 2015)
- Documento de consentimento (Anexo III, Orde 13 de xullo de 2015)
- Documento de comunicación de incorporación (Anexo IV, Orde 13 de xullo de 2015).



8. PROCESOS DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MEMORIA.

A avaliación deste plan efectuarase a dous niveis:

1. Avaliación dos resultados obtidos polo alumnado que participou nas diferentes actuacións e medidas de atención á diversidade.
2. Avaliación da concreción do plan anual de atención á diversidade.

O proceso a seguir será:

1. Análise e valoracións a través das reunións semanais dos titores/as co orientador, se fose posible implantalas.
2. Análise e valoración nas reunións dos departamentos didácticos.
3. Seguimento a través das reunións do Departamento de orientación.
4. Posta en común na Comisión de Coordinación Pedagóxica.
5. Elevación de conclusións e posibles modificacións ao Claustro.

8.1. Temporalización.

- Avaliación inicial: a revisión do plan realizarase a principios de curso, atendendo ás conclusións recollidas e obtidas na avaliación do curso pasado e ás circunstancias existentes nese momento.
- Avaliación continua: ao longo do curso, o equipo directivo e o Departamento de orientación irán facendo un seguimento do desenvolvemento do plan para introducir os axustes necesarios.
- Avaliación final: o obxectivo desta avaliación será o de analizar cunha periodicidade anual, preferentemente ao final de cada curso, a adecuación deste á realidade do centro, e sinalar as modificacións pertinentes.

8.2. Instrumentos.

Para a recollida de datos serán útiles: os intercambios orais, as escalas e cuestionarios e as entrevistas. Estes serán aplicados tanto ás persoas implicadas no seu deseño e/ou desenvolvemento (departamentos, titores/as, profesorado) coma aos seus destinatarios (alumnado e pais).

8.3. Criterios de avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade.

Os criterios de avaliación para determinar a calidade do Plan de atención á diversidade son:

- Adecuación do plan ás necesidades reais do centro.
- Logros acadados no referente aos obxectivos previstos.
- Adecuación da temporalización.
- Nivel de colaboración e participación dos distintos estamentos da comunidade educativa.
- Nivel de colaboración e participación dos servizos externos ao centro.
- Grao de implicación dos responsables no seu desenvolvemento.

Con estes datos, ao final de cada curso, o Departamento de orientación elaborará a correspondente memoria establecendo, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporárase á memoria do Departamento de orientación e, en consecuencia, á Memoria Anual do Centro.



9.- APROBACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

No exercicio das súas funcións, o Consello Escolar do IES Espiñeira, acorda dar o seu visto e praxe ao seguinte Plan xeral de atención á diversidade e, por conseguinte, a directora do IES Espiñeira resolve aprobar o mesmo.

Para que así conste.

Asina, a directora do IES Espiñeira de Boiro.

Mercedes Fernández Fernández
Boiro, a 8 de abril de 2016.



ANEXOS

Anexo 1. Adaptacións Curriculares Individualizadas.

- Avaliacións Psicopedagóxicas.
- Referencias Legais das Avaliacións Psicopedagóxicas.
- Documento de Derivación.
- Información aportada polo/a titor/a.
- Información recollida polo/a profesor/a de área.
- Valoración xeral do/a alumno/a.
- Valoración da información recollida.

Anexo 2. Exención da 2ª lingua estranxeira.

- Informe do titor/a do curso anterior.
- Solicitud de exención 2ª lingua estranxeira.
- Informe orientación exención 2ª lingua.
- Comunicación á Dirección dos alumnos que solicitan exención.
- Relación do alumnado que solicita exención da 2ª lingua.